

Amalia Álvarez Gallego

(LUGO, 1906- PONTEVEDRA, 2001)

I_ A INFANCIA DE AMALIA

*A vida é loita, a vida é loita. Non cres?
Amalia Álvarez Gallego*

Amalia Álvarez Gallego naceu o 10 de febreiro na rúa San Tomé da cidade de Lugo, onde o seu pai exercía como inspector de ensino primario. Xerardo Álvarez Limeses era, en palabras do neto do seu irmán, Alfonso Álvarez Cáccamo, “un excelente poeta en galego e en castelán, dunha sensibilidade e humanidade extraordinarias”.

Amalia era a quinta dos seis fillos que Xerardo tivo con Dolores Gallego. Completaban a familia Felipe, Xerardo, José María, Enriqueta e Dolores. Sendo aínda unha nena, a profesión do seu pai levou a Amalia a vivir primeiro en Ourense e xa de seguido en Pontevedra. A súa primeira residencia pontevedresa estaba na rúa de Santa María, a carón do famoso “Pitillo”, e de aí a familia trasladouse á que



sería o fogar de Amalia ata a súa voda con Alexandre, na rúa Oliva. Realizou os seus estudos primarios na escola da praza do Xeneral Mugartegui e aínda estando solteira fixo o primeiro curso de Maxisterio, unha carreira que remataría xa viúva para poder sacar adiante as cinco criaturas.

II_ AMALIA E ALEXANDRE

“Pechei os ollos;
quixen durmir...
soñei esperto pensando en ti

Íbamos ledos
a camiñar:
era camiño
o noso amor;
Meta, un fogar.

Luz, a da Lúa;
dos paxariños, música leda;
nos teus, meus ollos;
polo camiño, to-a fragancia da Natureza;
as almas xuntas, beizos que en bicos cariños rezan...

Find-o idilio
qu-os corpos xuntos xa van chegando
fin da vereda”

Alexandre Bóveda (poema dedicado a Amalia Álvarez)

Amalia Álvarez coñeceu a Alexandre Bóveda nos ensaios da Sociedade Coral Polifónica, na que ambos cantaban. Ela tiña 18 anos. No artigo “Sempre á beira do seu Xandro” que publicou *A Nosa Terra*, Amalia contaba que ao principio ría del “porque era baixiño” e ata chegou a comentar que nunca tería nada con ese rapaz. Pero non logrou enganar o seu pai, que axiña se deu conta de que para non gustarlle falaba moito del, e metíase con ela:

- Moito falas dese de Facenda...
- Bah! nin sequera me fixo. Eu quero un alto, ese non me gusta...



Pero si lle gustou: “Era todo, a conversa del, aquel marabilloso falar e contar”. Alexandre empezou a acompañala ao saír da Polifónica e axiña conxeniaron “pois el era cariñoso, afable e tiña diversidade de temas de conversa”. Fixéronse mozos pero un enfado mantívoos afastados durante un ano. Entre risos, Amalia sempre lle contaba aos netos que durante ese tempo, dicíalle a Alexandre: “Eu coma ti teño moitos. Ti coma min, ningunha”. Casaron ao pouco de reconciliarse: O 20 de outubro de 1930 na Igrexa do Mosteiro dos Mercedarios de Poio. Primeiro foron vivir ao Burgo pero un vendaval danou o tellado e mudáronse á rúa Echegaray. Alexandre mercou mesas grandes: quería ter moitos fillos. Amalia chegou embarazada da lúa de mel e alí naceron os dous maiores: Xela o 2 de agosto de 1931 e Alexandre o 29 de agosto de 1932. Entre os dous, Amalia sufriu un aborto. O terceiro fillo, Xosé Luís, que naceu o 13 de marzo de 1934, xa o fixo na nova casa de Virxe do Camiño e, antes do nacemento da cuarta, mudáronse definitivamente a Andurique, en Poio. Dolores veu ao mundo o 27 de xullo de 1935, apenas un ano antes do fusilamento do seu pai, que xa non chegou a coñecer a quinta dos fillos, a filla póstuma, Amalia, nacida en Andurique cinco meses despois do seu asasinato.

Da convivencia con Alexandre non gardou Amalia máis que bos recordos: “Era un excelente marido e amantísimo pai. Os nosos temas de conversa na casa eran sobre actualidade, literatura, estudo, pois el dominaba o francés, o inglés e estaba estudando alemán. Intentaba preparar as oposicións para Diplomático. Dicía Amalia naquela entrevista que Alexandre era forte e moi serio: “Eu dicíalle: ‘se eu fose coma ti, esta cara era un enterro de terceira’; ‘Ti es as castañuelas’, retrucábame; ‘e ti, ti que es?’; ‘eu non son nen o bombo’, sentenciaba”. A pesar diso, xamais berraba con ninguén, nin con ela sequera. “Cando algo pensaba que non estaba ben feito miraba cuns ollos fortes que non quedaban ganas de repetir”.

O seu carácter serio non lle impedía, no entanto, ser cariñoso cos fillos e coas fillas. Era un home moi familiar e na hora da comida e na da cea reunía toda a familia arredor daquela mesa grande que comprara e que el presidía. “A el gustáballe que saíramos todos á estrada para esperalo e collía as criaturas no colo. Xogaba con eles, andaba a gatas (...). Na casa era un home sinxelo, alegre. Coa saúde dos rapaces tiña case unha obsesión (...). Estaba obsesionado con que se lle pasaba algo a un rapaz llo dixéramos: ‘non é para berrar con ninguén, é que hai que evitar que por non miralos a tempo teñan calquera cousa’. A saúde das crianzas preocupáballe de tal xeito que, segundo contaba Amalia, cando algunha noite ían ao cine, Alexandre aproveitaba o descanso da película para chamar á casa e preguntar por elas. E precisamente no cine produciuse un dos poucos enfados que o seu home tivo con ela:



“Sentara un home cun chapeu posto e non deixaba ver nada. Xandro fora telefonar á casa e, á volta, eu estaba fitando para o home de diante, pensando: ‘pero este non verá que todo o mundo está descuberto e que molesta...’. O caso é que non mirei nin lle sorrín cando chegou á miña beira. Pois enfadouse: non me falou nada até chegar á casa”.

Sempre estaba moi pendente de Amalia. Nunha ocasión ela acompañouno na visita que unha delegación catalá fixera á illa da Toxa e a Santiago, onde cantaron coa coral. O que fora primeiro alcalde da República en Pontevedra, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, e a súa muller, Josefina Arruti, que eran moi amigos do matrimonio, tamén asistiron á visita e ao rematar volvían para Pontevedra no coche. Ofrecéronse a levala xa que Alexandre tiña unha reunión ao día seguinte, tamén en Santiago, moi cedo, ás sete da mañá. Pero el non quixo que viaxara soa e foi ata Pontevedra para acompañala para logo coller outra vez camiño a Santiago, ás dúas da madrugada.

Ademais el inventáballe nomes, adoitaba chamala Cholis ou Choliñas, e tamén así lle puña nas cartas. Ela a el chamáballe Xandro ou Xandriño. Un día, Amalia atopou a Castelao na rúa, en Pontevedra, e el preguntoulle que tal ía a nena, pois Alexandre díxeralle na véspera que a peque estaba enferma. Amalia explicoulle que as fillas estaban ben, que a única que andaba algo maliña era ela e ruborizouse ao escoitar a Castelao exclamar: ‘Pos vaia unha peque!’.

O compromiso político de Castelao e Bóveda orixinoulles o primeiro problema serio en 1934, cando é decretado o Estado de Guerra en todo o territorio peninsular e son condenados a dous anos de desterro: Castelao a Badajoz e Bóveda a Cádiz: “Familiarmente foi moi doloroso -explicou Amalia nunha entrevista-. Aínda cando nos escribiamos todos os días, (Alexandre) sentía unha dor moi profunda pola separación obrigada, posto que estaba afastado da muller e dos fillos pequenos a quen amaba profundamente”. Conta tamén que durante o tempo que durou a obrigada separación “escribiámonos todos os días. En todo ese período só faltaron as súas letras tres días e eu telegrafei asustada por se pasara algo. Só fora que mandaran as cartas a Poio Grande en troques de a Poio Pequeno”.

Xerardo Álvarez, que era fillo de emigrado, vía na súa filla a mesma dor que pasara a súa nai e avogou porque deixara a política, pero Amalia sabía que non podía pedirlle ese sacrificio ao seu home: “Estando el fóra, meu pai dicíame que cando marchara seu pai vira o moito que sufrira súa nai, miña avoa, e que estaba vendo que á súa filla sucedíalle outro tanto e que por que non o animaba a que deixara a política. Eu dicíalle a papá que sentía desgustalo, pero que Xandro dicía que non e explicáballe os porqués”.



Ela coñecía ben as motivacións do seu home. Moitas veces fora onda el chorando: “Non temos nin os domingos, non temos nin vida familiar...”. El dicíalle que o deixaba todo, que se acababa, pero entón ela dáballe voltas á cabeza, e rectificaba, pensando: “É o único entusiasmo que ten, quítaslle iso e despois..., el non fuma, non bebe, non fai *gamberradas*. Que siga na política”. Aínda así insistíalle que tomara as cousas máis de vagar: “Pero home, levántaste ás seis da mañá aínda os domingos que non temos un noso”. Ata que un día el respondeulle:

“Penso que os nosos fillos, e debes pensar ti tamén, teñen pan, vestidos, están quentes, críanse fortes e ben, e penso en cantos hai en Galiza que por marchar os pais para fóra, por emigrar para non pasar fame, fican as nais e fanse vellas antes de tempo por facer todos os traballos. E penso nos rapaces que van para o monte co gando, que como di Castelao, non poden nin ouriñar co frío, e todo iso como vou permitilo? Hai que facer para que haxa bastante traballo aquí e que non teñan que quedar eses rapaces sen pai e as mulleres sen marido. Que haxa traballo para todos, que se pode porque hai moito desperdicio. Eu teño que traballar para iso, para que outros fillos e outras mulleres *estexan* como poden estar os nosos”.

Cos seus fillos, Alexandre falaba sempre galego e dicíalle a Amalia que xa lles ensinaría castelán cando fosen maiores. A ela tamén llo falou desde que a coñeceu e as cartas que lle mandaba tamén eran na súa lingua. Ela en cambio faláballe en castelán: “Agora -contaba na entrevista de *A Nosa Terra*- falo galego e antes non porque canto máis falaba máis se entusiasmaba el, e eu leváballe a contra para ver se o desanimaba un pouco... e que se ía desanimar!! A el non había quen o desanimara, a súa vida era aquilo”.

Aínda que Amalia non participaba na actividade política de Bóveda, viviu con el os convulsos momentos do fin da República, como o asasinato de Calvo Sotelo. A pesar de que tiveron algún intercambio dialéctico na prensa, Alexandre tiña moi boa relación co ministro da ditadura de Primo de Rivera, tanto que este quixera levalo para Madrid como colaborador e, aínda que Bóveda non aceptou, a súa viúva lembraba que chegou á casa profundamente afectado cando soubo da nova da súa violenta morte o 13 de xullo de 1936.

III_ O ASASINATO DE ALEXANDRE

«Choliñas, Miña Peque, Vidiña:

Quixera escribirche moito. Mais xa sabes canto puidera decirche.

Perdoame todo, que os peques me lembren sempre; que cumplas todos os meus encargos.

Eu, almiña, estarei sempre con vós como che prometín.

Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola Terra, por todos. Vou tranquilo.

Adeus, Vidiña: Vive para os peques e os vellos, abrázaos, confórtaos. Sé Ti, miña



Pequeniña admirable, a máis valente de todos. Alá sentirei ledicia e satisfacción de Ti e de todos.

Lembrareivos sempre, velarei sempre por vós.

Adeus. Contigo, cos peques, cos vellos todos, estará sempre na lembranza, na máis grande, máis fonda, máis infinda das apertas, o voso,

Xandro.

P.S. / Recei contigo».

Alexandre Bóveda (carta que lle escribiu a Amalia horas antes de ser asasinado)

Cinco días despois do asasinato de Calvo Sotelo prodúcese o golpe de Estado fascista e, desde o primeiro momento, o terror apodérase de Amalia. O pesadelo empezou antes de que detiveran o seu home. Nunha das últimas noites que pasaron xuntos, Amalia espertou chorando. Soñara que un soldado o mataba. “Pero Choliñas! Quen me vai querer facer dano a min?”, díxolle el. E esa foi a súa resposta sempre. Tamén cando, conscientes da súa inminente detención, pregáronlle que fuxira. Atopábase na rúa Oliva, na casa de Xerardo e Dolores, rodeada de veigas que facilitaban a fuxida, pero non quixo. “Por que hei de marchar eu? Non fixen nada malo. Non fun capaz de facer dano a unha mosca, como mo han de facer a min? Non teño nada na conciencia contra ninguén e non poden ter contra min”.

“Eu tiña medo, estaba asustada en todos aqueles días de xullo porque as cousas ían mal- contou Amalia-. Díxalle que non viñera para a casa só e a pé porque podía haber alguén que lle disparara pero el dicía: ‘quen me vai querer matar a min?’”.

Detivérono alí mesmo, na casa dos sogros, o 20 de xullo.

“Imposible de describir”, dixo Amalia sobre a etapa na que estivo preso. Viviu co temor constante a que lle fose aplicada a lei de fugas e sempre pensou que, se non foi así, debeuse ao “gran cariño que lle profesaban os policías armados que o acompañaron en todas as ocasións”.

Incansable lector, Alexandre asomaba o rostro á fiestra do cárcere improvisado na Normal, mentres lle pregaba á súa familia: “Traédeme libros”. Esa era a única lembranza propia que o seu fillo Alexandre gardaba del. Xela non. A maior dos cinco atesouraba tantos recordos do seu pai que durante toda a vida arrastrou doenzas psíquicas que os médicos indefectiblemente asociaban co dó polo seu asasinato. Cando pasou, Xela aínda non cumprira os cinco anos e nos meses que seguiron, cada vez que se atopaba con alguén de uniforme, espetáballe: “ti mataches o meu pai”. El despedírase dela no cárcere, díxerlle que non se ían ver porque ía saír para unha longa viaxe.



Ata a morte lembrou Amalia aqueles últimos días da vida do seu marido: “Nós fomos velo xa estando en Pontevedra, na escola de Maxisterio. Iamos co meu irmán Xerardo e, en vez de consolalo nós a el, era ao revés. Falaba tan ben que parecía que non ía pasar nada. Eu choraba moito e el dicíame que tiña que ser forte. Sempre temías, el non, que pasara algo”.

Un día, cando aínda non se coñecía o alcance do terror que o fascismo ía sementar en Galiza, unha rapaza que axudaba a Amalia coas tarefas do fogar, contoulle a conversa que ouvira noutra casa de Pontevedra:

-“Dígolle que veño asustada. Nunha reunión estiveron falando do seu marido e unha señora dicía que *‘a esos rojos los tienen que liquidar, dicen que tienen listas de gente para matar’*.”

Amalia nunca quixo saber a identidade daquela muller pero cada vez que pasaba pola casa onde se producira a conversa “subíase unha cousa... como se pode calumniar así alguén que nin sequera coñece?”.

O peor dos presaxios fíxose realidade o 13 de agosto cando Alexandre foi condenado a morte. Amalia foi velo ao cárcere por última vez, acompañada polo seu pai e os catro fillos. Ao despedirse deles púxolles a cada un na man unha medalla bicada por el e deulle dúas a Amalia para ela e para o bebé que ía nacer. Pregoulle que de ser varón lle puxera o nome de Jesús e se fose muller o de Amalia: “En lugar de servirille nós de consolo, eramos nós os que ao entrar cheos de tristura e dor saíamos completamente confortados polas súas maravillosas palabras de amor e bondade cara a todos, incluso para os que lle ían quitar a vida con inxustiza”.

Fusilárono o 17 de agosto, á hora da filla póstuma. Amalia Bóveda Álvarez naceu o 5 de xaneiro de 1937, ás cinco e media da mañá, á mesma hora na que meses antes asasinaran o seu pai. “El era tolo polos fillos. De saber que ía deixarnos sós afastaríase da política”, di a filla póstuma, co total convencemento que lle deixou a imaxe que a súa nai lle transmitiu de Alexandre: “Eu non coñecín o meu pai pero a miña nai díxome sempre que era un pai amantísimo, tolo polos fillos. Eu non o coñecín pero ela foi para min pai e nai, e quíxena polos dous”.

Aquela teima de Alexandre pola saúde dos fillos alcanzou tamén á que non chegou a coñecer: “O meu medo se morrera é que se non te dominas un pouco, non tes paciencia... Non o fagas por nada, só polo que vai nacer, porque se é lisiado ou con algún defecto é unha pena para toda a vida”, díxolle Alexandre á súa muller nunha das visitas ao cárcere. “Eu estaba embarazada de cinco meses, da nena que despois, porque el mo pediu, chamouse Amaliña. Dicíame: ‘ti ten valor, porque xa che quedan bastantes para loitar’”.



Foi alí onde se viron por última vez: “A noite que o mataron eu non estiven con el. Dixéronme que non era esa noite.(...) Aquela noite escribiu varias cartas, catro penso. A que me escribiu estiven moitos anos sen querer ensinala”.

Na véspera dese día, Alexandre recibira a visita dun xefe da policía armada, coñecido del de Ourense. Non sabía que el ía dirixir o pelotón de fusilamento. Cando o soubo pediu que lle apuntasen directamente ao corazón para non desfiguralo.

Levárano á Caeira pola Ponte da Barca, desde a que se podía ver a súa casa. Amalia escoitou os disparos pero non soubo que a deixaran viúva ata que ao día seguinte llo dixo o pai.

Non lle deixaron recuperar o corpo para velalo na casa. Quedou en San Amaro e enterrárono sen ela, só os homes das dúas familias. Os que puideron estar. Vicente Bóveda, o irmán de Alexandre, a quen tamén lle escribira nesa última noite, viaxou de Ourense a Pontevedra pero detivérono á metade de camiño e tivérono preso tres meses. O pai estaba enfermo e non puido ir. A morte do fillo precipitou todo e morreu axiña.

Na tumba de Alexandre puxeron a lápida que el mesmo deixara debuxada, coa cruz que simbolizaba o seu cristianismo e a estrela do seu compromiso con Galiza. Décadas despois, xa en plena democracia, a súa filla póstuma reparouna coas súas propias mans para sacarlle a J da aldraxe con que a intolerancia quixo borrar o galeguismo de quen xa para sempre simboliza aos mártires da Galiza, non en van foi a data do seu asasinato a elixida para conmemorar a Galiza mártir.

Castelao inmortalizou o momento na estampa *A derradeira lección do mestre* e regaláronlle a Amalia unha copia en grande. Gardouna: “Non podo velo así”.

IV_ A INFLUENCIA DE BÓVEDA SOBRE OS ÁLVAREZ

Na Caeira Alexandre foi sentir
As derradeiras lámpadas e a man
De Amalia a despedilo cun rumor.
Con eles vai Galiza e vamos nós
Noite adentro. Un amor
Que ficaba sen voz.

X. M. Álvarez Cáccamo



A morte de Bóveda non só deixou orfos os cinco fillos. Era tamén un referente indubidable para a familia de Amalia. O seu curmán, Darío Álvarez Blázquez, explicáboo así nun artigo publicado en *La Voz de Galicia* o 14 de agosto de 1977, baixo o título “Bóveda o noso capitán”: “O 20 de outono de 1930 saía Alexandre pola porta da eirexa do Mosteiro de Poio dándolle o brazo á miña prima Amalia. Aínda morría alá adentro o último grave solemne do órgao e os frades brancos facían a súa derradeira reverencia. As follas douradas teceran no mencer a afombra nupcial. Desde aquel intre foi Alexandre un máis dantre nós e nós dil e dos seus. Vivimos xuntos as horas de ledicia, os días de tristura. Nas reunións familiares despois de falar das nosas cousas cáseque sempre recaía no seu tema e na súa teima, que era tamén a nosa. Pero il era o noso capitán”.

Outro curmán de Amalia Álvarez, Xosé María Álvarez Blázquez, contaba tamén como Bóveda o contaxiara das súas ideas: “Cando tiña 16 anos fun captado por Bóveda para as xuventudes (...). Eu coñecín a Bóveda cheo de fillos, traballando como unha fera para sacalos adiante e manter ao mesmo tempo a súa actividade política intensísima. Despois, despois uns abandonaron, outros colleron demasiado medo, outros morreron e outros emigraron. Quedamos unha célula mínima que mantiñamos as nosas conversas, a borralla, aquel lume de Bóveda que foi sementeira.”

V_ SAÍR ADIANTE

*“Amalia Álvarez foi a alma de Bóveda mentres viviron xuntos
e a súa memoria para nós despois”*

Amalia Bóveda Álvarez

Os Álvarez, e Galiza enteira, perdían un referente pero Amalia perdía o compañeiro da súa vida. E non foi a súa única perda. A barbarie desatada no 36 provocou tamén o asasinato do irmán do seu pai, Darío Vázquez Limeses, e outro tío seu, Xosé Vázquez Limeses, morreu pouco despois, de tristura. Ademais, os fascistas puxeron prezo á cabeza do seu propio irmán, Xerardo, que fuxiu da cidade para sempre.

Durante anos, Amalia vestiu de negro pero non puido facer dó. Tivo que repoñerse da dor para sacar adiante os cinco fillos. Rematou a carreira e púxose



a dar clases nun local alugado en Méndez Núñez, mentres preparaba as oposicións. Pero o mesmo día que en Pontevedra se celebraban as de Maxisterio, en Madrid había as de Facenda. Amalia pensou que sería mais doado que os nenos creceran na súa cidade se renunciaba a ser mestra, pois adoitaban destinalas ao rural, e presentouse aos exames da capital. Obtivo praza en Cádiz e deixou os cinco fillos repartidos en casas de familiares. Uns meses despois trasladárona de novo a Pontevedra pero seguiu afastada da infancia dos pequenos, que realizaron os seus estudos en Madrid, en internados para orfos de Facenda. O das nenas estaba en Carabanchel alto. Nunca coincidían as tres, nin sequera no comedor, e as monxas tíñanas marcadas por ser fillas dun *rojo*. Un ano que foi de visita Franco, pecharon unha delas nun cuarto con outras nenas asturianas ás que o pai lles morrera no cárcere.

A familia de Bóveda sempre estivo marcada. O seu irmán nunca aparecía nas listaxes de aprobados dunhas oposicións nas que quedaba en primeiro lugar. A súa muller tivo moitas complicacións para conseguir un certificado de adhesión ao réxime que lle permitira ocupar a súa praza de funcionaria. As súas fillas eran sinaladas. Un día que paseaba con Xela, Amalia atopou unha familiar que lle espetou: 'Que nena tan linda para ser filla dese indesexábel!'. Outro día, unha persoa que consideraba amiga cuspiulle no velo negro do loito ao berro de: 'Aí vai a muller dun asasino!'

"De ningún xeito podo gardar nin o máis mínimo rancor polas miñas arraigadas crenzas e máxime cando el morreu non só perdoando senón pregando a toda a familia que o fixesen de todo corazón", dicía Amalia Álvarez xa en democracia. Nunca falaba do que pasara. Nunca levou á Caeira a descendencia, que tiña prohibido pasar da fonte que había na entrada de Campañó, no camiño ao paredón. Pero un 17 de agosto, cando a filla póstuma tiña sete anos, xuntounos aos cinco e contoulles que por amar a Galiza mataran ao seu Alexandre. E de novo ficou no silencio, só roto en murmurios naqueles veráns que a súa amiga Cinta Rey pasaba na casa de Poio, intentando exorcizar a dor inconsolable na memoria compartida. Elas si foron ao lugar maldito e foi a propia Amalia quen lle quitou a Cinta unha foto abrazada á árbore na que o 12 de novembro do 36 lle asasinaran o seu fillo Víctor Casas. Na que mataran a Alexandre. Unha foto convertida xa en berro da memoria teimuda tanto tempo silenciada. Amalia quitou tamén cascotes da cortiza daquel piñeiro e gardounos nun pano que os fillos atoparon tras a súa morte, o 27 de novembro de 2001, xunto a unha botella de vino doce que Alexandre mercara nunha viaxe a Portugal "para un día que teñamos que celebrar". Xunto a aquela botella que nunca abriu, xunto á vaixela dos dous, naquela caixa que os cinco fillos sabían que non se podía tocar.



VI_ AS HOMENAXES A BÓVEDA E O PARQUE DE AMALIA

“Que pena que tiveran que matalo para que a xente coñecera o que fixo por Galiza...”

Amalia Álvarez Gallego

Amalia participou orgullosa nas homenaxes que coa chegada da democracia lle fixeron ao seu home na Caeira, en San Amaro... En 1999, pouco despois da chegada ao poder de Miguel Anxo Fernández Lores, o Concello de Pontevedra fíxolle entrega da medalla de ouro da Cidade concedida a título póstumo a Bóveda, que ademais foi nomeado fillo adoptivo da cidade. E o 10 de febreiro de 2016 pechábase o círculo. Coincidindo co 110 aniversario do seu nacemento, o Concello de Pontevedra inauguraba o parque “Amalia Álvarez”. No acto, a súa neta Ánxeles Cuña lía na súa honra o seguinte texto, que titulou “Derradeiro bico”:

Teño morriña de ti, meu ben, almiña!!!
Desde a galería da casa vexo a horta, o pozo, as viñas e as cerdeiras...
Lembranza de lume da voz apousada e querendosa.
Percorrido dos obxectos e o teito altísimo da casa do indiano en San Salvador de Poio.
Testemuña de rechouchíos amorosos e risas musicais e tenras.
Si, Xandro, serei valente!
Un disparo no corazón, orfos os fillos
Outro disparo na tempa, as fillas orfas
Que amencer sen espellos...!!!
“Xa vai vir o día, ponte a alma” (César Vallejo)
“Semente” di Afonso
Celso Emilio, “Amadís”
Catro fillos na casa e a quinta nas entrañas.
O sufrimento é frío...
Aléntame o derradeiro e efémero bico.
Quenta a alma a flor do sol nos meus beizos.
Ecoando na memoria os versos do pai Xerardo Álvarez: chove, chove, chove
Chove fóra e chove dentro
Ecoando os consellos: “Ánimo, valor e medo”
Petando os desexos de ser unha mesma, digna e brava.
Petando as arelas: faino por amor e con amor!



Pegadas de obras e de poemas
“Non houbo galos...
O home da cor da herba ben o sabe
e sábeo o río
e o arado
e os montes e os bímboos tamén o saben” (García Bodaño)
Avoa Amalia, fonda, agarimosa, intelixente e retranqueira.
Que falar maravilloso! Que limpa mente!
Que ollar vivo, mouro e alegre!
Namoraches cantando,
Viviches forte, enxeñosa...
entre sombras iluminadas por tempos sincopados.
Facho prendido con doces pensamentos.
Non chores, dicías, olla cara adiante.
Abonda con pensar en ti, querida, e teñen “cura as perdas e as tristezas fin”.

E a homenaxe, englobada no programa “A memoria das mulleres” concluía con esta fermosa intervención de Amalia, a filla póstuma:

«Primeiro, permitídemme que sexa breve.
Dito isto, dende o fondo do meu corazón, máis tamén da miña razón, non podo máis que vos dar as grazas. Unhas inmensas grazas.
Grazas emotivas que son produto de moitos sentimentos que agroman hoxe en nós, mais tamén grazas racionais.
Vimos de escoitar as emocións de Amalia e de Alexandre volcadas nun papel en forma de cadansúas poesías. Os seus sentimentos.
E dentro do emotivo nomeamento deste espazo, tamén ten cabida a razón.
A razón de porque este tipo de símbolos públicos, cos que por suposto concordo.
O sufrimento en si mesmo non é un valor.
Sufrir por construír e defender, aínda nas peores circunstancias, unha convivencia democrática e unha sociedade baseada na defensa dos dereitos humanos, a paz e a liberdade, isto, todo isto, si é un valor.
Estes valores son o patrimonio que nos deixou en herdanza Amalia a todos nós.
Son un patrimonio democrático de grande alcance que é necesario conservar e transmitir.
Fitos como o de hoxe e políticas como ‘A Memoria das Mulleres’ contribúen a esa construción, na que todos e cada un de nós debemos participar.
A suma do noso pasado mailo noso presente será o resultado do noso mañá.
Grazas mai, grazas pai por ensinarnos a sumar.
Grazas a todas e todos vós por participar desta suma».



Este texto foi realizado polo equipo do programa "A memoria das mulleres" en base a varias entrevistas feitas a Amalia Bóveda Álvarez, a filla póstuma, así como á consulta de diversa bibliografía, entre a que destacan as actas de "A Galiza de Bóveda", "Cartafol de poemas para Alexandre", a entrevista a Amalia Álvarez que baixo o título "Sempre á beira do seu Xandro" publicou a A Nosa Terra e o artigo "Tralos ollos de Amalia" publicado por María Varela no Diario de Pontevedra o 17 de agosto do 2003.